



Concello de Monterrei

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
150/2019	A Xunta de Goberno Local

PAULINO FERNÁNDEZ SALGADO, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 23 de maio de 2019 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 150/2019. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ILUMINACIÓN PÚBLICA NAS ZONAS DE GUIMAREI ESTRADA, ALBARELLOS RÚA PROGRESO (O CAMPO), ALBARELLOS RÚA PROGRESO E ALBARELLOS RÚA CONCHEIRA. CONCELLO DE MONTERREI

Logo de ver o expediente de contratación:

OBRA: Aforro e eficiencia enerxética na iluminación pública nas zonas de Guimarei estrada, Albarellos rúa Progreso (O Campo), Albarellos rúa Progreso e Albarellos rúa Concheira. Concello de Monterrei.

IMPORTE: 148.912,70 € (cento corenta e oito mil novecentos doce euros con setenta céntimos), IVE incluído.

FINANCIAMENTO DO ORZAMENTO: esta obra finánciase con 119.131,00 € polo IDAE ao abeiro do Real decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativa FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144, do 17 de xuño de 2017).

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN: Aberto simplificado, ao abeiro do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE: o expediente terá a consideración de ordinario, para os efectos previstos no artigo 116 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación referenciado, o proxecto técnico, así como o gasto derivado da realización da obra que se vai contratar e o prego de cláusulas administrativas que regulará a contratación.

SEGUNDO. Abrir o procedemento de licitación e, en consecuencia, publicalo no perfil do contratante e na plataforma de contratación do sector público do Ministerio de Hacienda, para que todas aquelas empresas que se consideren capacitadas poidan presentar as súas ofertas.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700